



EXCMO. CONCELLO DE
BAIONA



Angel Manuel Rodal Almullifa (1 para 1)
Alcalde de Baiona
Data de Sinatura: 15/02/2019
HASH: a252572dbf0c1f0d398b5901e80d23451



Expediente Xestiona 436/2019

BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE UN/ UNHA TÉCNICO/A SUPERIOR EN TURISMO (FP.2) DENTRO DO PLAN CONCELLOS 2019 CORRESPONDENTE A LIÑA 3 :EMPREGO PARA A CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA.-

1.- Obxecto.-

O Concello de Baiona en colaboración cá Deputación Provincial de Pontevedra a traves do denominado Plan Concellos 2019 na súa Liña 3: Emprego para a Conservación e Funcionamento de Bens e Servizos Municipais. realiza oferta de contratación temporal, *en réxime laboral* de UNHA praza no grupo profesional de TÉCNICA SUPERIOR DE TURISMO (FP.2) para a realización do Programa Actívate no Emprego 201; "Tarefas de apoio no servizo de información turística do concello debido ao incremento de visitantes que experimenta a villa de Baiona que presupón a realización de visitas guiadas con asociación ,colexios apoio á implantación de Programas de Turismo" xustificada pola consideración de Baiona como municipio de interese turístico que o que implica un aumento da carga de traballo exponencial na temporada alta que no caso de Baiona comenza no mes de Abril.

2.- Tipo de contrato.-Contrato laboral de duración determinada baixo a modalidade de contrato por acumulación de tarefas recollido no art 15. b) do RD lexislativo de 23 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido Estatuto dos Traballadores e o RD2720/1998 art.3 de 18 de decembro ,polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada , o cal estará suxeito a normativa de incompatibilidades prevista para os empregados e empregadas publicos da Ley 53/84 de incompatibilidades do persoal o servizo das administracións públicas.

3.- Tempo do contrato e xornada de traballo.- A duración do contrato será de SEIS MESES contados a partir da sinatura do contrato e tendo como data límite de finalización o 31/12/2019. Sendo a xornada completa por 35 horas semanais de Lúns a domingo en xornada de mañá ou/e tarde cos descansos legais preceptivos.

4.- Prazas.- UNHA praz no grupo profesional de TÉCNICO/A SUPERIOR EN TURISMO (FP.2) , enmarcados dentro do Plan Concellos 2019. Liña 3 " Emprego para a conservación de bens e Servizos Municipais"

5.-Requisitos dos/as aspirantes.- Para tomar parte na selección será preciso cumpri-los requisitos seguintes na data de remate do prazo concedido para a presentación de instancias:

- Ter nacionalidade española. Os/as nacionais doutros estados da Unión Europea poderán acceder ó posto de traballo consorte o disposto no artigo 57 da Lei 7/2007 do Estatuto Básico da Función Pública.
- Ter cumprido dezaseis anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
- Non padecer enfermidade, nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que impida ou sexa incompatible co desenvolvemento das funcións do posto de traballo.
- Non se atopar incurso/a en ningunha causa de incompatibilidade ou incapacidade que determine a lexislación vixente para contratar coa Administración Pública.





- e) Estar en pos para poder tomar parte no proceso selectivo é requisito indispensable posuír o título de FP en rama de Turismo ou superior
- f) Estar inscrito na oficina de Baiona do Servicio Público de Emprego de Galicia nos códigos de ocupación: 26301020-TÉCNICOS DE INFORMACIÓN TURÍSTICA, e figurar no listado de sondaxe público emitido por dito organismo, previa solicitude do mesmo polo concello de Baiona. ID Oferta 12/2019/1378

6.- Prazo de presentación de solicitudes e documentación.- As solicitudes poderán presentarse en instancia que se facilitará polo Concello no rexistro xeral durante o prazo cinco días naturais **dende 20/02/2019 ó 25/02/2019 ó (ámbolos incluídos)**, rematado o prazo publicarase de listado provisional de aspirantes admitidos e excluídos dándose un prazo de dous días para no seu caso de subsanación de erros e publicándose publicándose o finalizar dito prazo o listado de aspirantes definitivos admitidos e excluídos e a data de realización das probas no **taboeiro do concello** e na páxina web institucional do concello www.baiona.org

A documentación que deberán presentar os/as aspirantes a este proceso será o modelo de instancia debidamente cuberta xunto ca seguinte documentación:

- a) Copia compulsada do D.N.I.
- b) Declaración xurada de cumprir os requisitos necesarios para contratar coa Administración Pública, así como de non estar incurso en ningunha causa de incompatibilidade ou incapacidade previstas na lexislación vixente.
- c) Acreditación documental dos criterios de inserción socio-laborais.

7.- Tribunal Cualificador.- O Tribunal que terá como función a avaliación dos méritos alegados polos aspirantes e propor á Alcaldía os/as aspirantes mais idóneos para a súa selección, estará integrado polas seguintes persoas:

Presidente: Un funcionario/a ou traballador/a do concello de Baiona

Secretaria: A Secretaria do concello ou funcionario en quen delegue

Vogais: 1º Vogal.- Un/unha funcionario/a ou traballador/a do concello de Baiona

2º Vogal.- Un/unha funcionario/a ou traballador/a do concello de Baiona

3º Vogal.- Un/unha funcionario/a ou traballador/a do concello de Baiona

Os integrantes do Tribunal serán designados polo concello de Baiona, e a súa composición farase pública na mesma Resolución pola que se aproba a lista de aspirantes admitidos e excluídos.

Designaranse suplentes para cada un dos membros que integren os Tribunais.

Tódolos Vogais do Tribunal Cualificador deberán ter nivel de titulación académica ou de especialización profesional igual ou superior á esixida para o acceso ás prazas obxecto desta convocatoria.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 28 e 29 da Lei 30/1992 citada, ou cando realizaran tarefas de preparación de aspirantes para probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Igualmente, os aspirantes poderán recusar ós membros do Tribunal cando conorra algunha das circunstancias a que se refire o parágrafo anterior.





O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros (sexan titulares ou suplentes, indistintamente). En todo caso, será precisa a asistencia do Presidente e do Secretario. O Tribunal Cualificador queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e para toma-los acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas Bases.

8.- Procedemento de selección.-

O proceso de selección (**CONCURSO-OPOSICIÓN**) constará das seguintes fases:

Fase A.- oposición.- Consistirá na realización de unha proba de carácter teórico
Puntuación máxima 10 puntos.

.- Exercicio de carácter obrigatorio e eliminatorio: puntuación máxima 10 punto:
Consistirá en desenvolver nun tempo máximo de 30 minutos un cuestionario de 20 preguntas tipo test con catro respostas alternativas, das que só unha será a correcta de acordo co Programa que figura no Anexo I desta convocatoria. Este exercicio é eliminatorio e valorarase ata un máximo de 10 puntos, sendo excluídos os participantes que non acaden un mínimo de 5 puntos. As preguntas correctamente contestadas se valorarán con 1 punto, e as respostas erróneas ou non contestadas puntuarán negativamente 0,25 puntos, e dicir minorarán as respostas correctamente contestadas.

Fase B.- Concurso.-Puntuación máxima 14 puntos. (b.1 e b.2)

B.1 Consistirá nunha valoración dos baremos de méritos da formación, experiencia profesional e coñecemento de idiomas valorándose do seguinte modo cun máximo de 10 puntos.

1º. Experiencia Profesional.- 2 puntos máximo. Se valorará con 1 punto un ano completo de servizos prestados, baixo contratación, nunha oficina de información turística local, provincial, autonómica ou estatal.

2. Coñecemento de idiomas.- 3 puntos máximo –

Os niveis dos idiomas de alemán, arábe, francés, inglés, italiano, portugués, xaponés segundo a *ORDE do 18 de febreiro de 2011 pola que se establece o procedemento de acreditación de competencia en idiomas do profesorado para impartir nunha lingua estranxeira áreas, materias ou módulos non lingüísticos nos centros docentes públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.*

NIVEL	PUNTUACION
A2	0,25
B1	0,50
B2	0,75
C1	1
C2	1,25





- Curso perfeccionamento de galego ou Celga 4: 0,5 puntos.

Soamente será obxecto de valoración o maior nivela acadado en cada un dos idiomas

Os cursos cursos de formación e perfeccionamento de idiomas organizados ou homologados polas administracións públicas, escolas oficiais da Administración pública e/ou universidades, colexios oficiais ou incluídos nos plans de formación continua que non sexan obxecto de valoración conforme a este apartado serán valorados polo número de horas, aplicándose o baremo dos cursos previsto no apartado de formación sempre e cando non exista duplicidade cos niveis sinalados neste apartado.

3. Formación 5 puntos máximo –

- Por licenciatura ou grao en materia relacionada co posto obxecto da convocatoria: 0,60 puntos.
- Por diplomatura en materia relacionada co posto obxecto da convocatoria; 0,40 puntos : ata un máximo de 1 punto.
- Por ter asistido a cursos de formación e perfeccionamento impartidos en centros oficiais, universidades, colexios oficiais ou escolas de Administración pública relacionadas coas materias obxecto desta convocatoria: ata un máximo de 4 puntos.
- Máster ou Postgrao (relacionado co sector turístico): 1 punto
- Curso de 100 ou máis horas: 0,25 puntos
- Curso de 60 a 99 horas: 0,20 puntos
- Curso de 30 a 59 horas: 0,15 puntos
- Curso de 19 a 29 horas: 0,10 puntos
- Curso de 10 ou máis créditos: 0,25 puntos
- De 6 a 9 créditos: 0,20 puntos - De 3 a 5 créditos: 0,15 puntos
- De 1 a 2 créditos: 0,10 puntos. Os cursos cunha duración inferior a 19 horas ou aqueles que non acrediten a duración dos cursos, serán valorados a razón de 0,05 puntos.

Os títulos presentados e que figuran no apartado de condición de acceso non se puntuaran.

B.2 Consistirá nunha valoración de criterios de inserción socio-laboral, con un máximo de 4 puntos

O Tribunal aplicará, con carácter preferente, os criterios de inserción sociolaboral incluídos nas Bases da convocatoria do Plan Concellos 2019 Liña 3 : Emprego para a conservación e funcionamento de bens e servizos da Deputación Provincial de Pontevedra (publicadas no BOPPO nº 242 de Martes 18/12/2018) e os criterios sinalados dentro das políticas activas de emprego do artigo 30 do Real Decreto Legislativo 3/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto Refundido da Lei de Emprego (BOE nº 255 de Sábado 29 de outubro de 2015)

Para a súa acreditación, será necesario presentar a documentación probatoria oportuna así coma informes elaborados por técnicos/as das diferentes administracións con competencias nestas áreas.

A valoración destes criterios, que teñen carácter acumulativo tendo como límite o recollido na puntuación máxima , se realizará en función do seguinte baremo:





1.- Pertencer a un colectivos seguintes: vítima de violencia de xénero: 1 punto

O criterio de muller vítima de violencia de xénero (de se-lo caso) se acreditará consonte a seguinte documentación:

- Fotocopia da certificación da orde de protección ou da medida cautelar.
- Sentenza de calquera orde xurisdiccional que declare que a muller sufriu violencia en calquera das modalidades definidas na lei.
- Informe dos servizos sociais, sanitarios da administración pública, autonómicos o locais.
- Informe do ministerio fiscal que indique a existencia de indicios de violencia.
- Calquera outro establecido regulamentariamente.

2.- Pertencer a un colectivos seguintes: ter máis de 45 anos. 1,5 puntos

O criterio de ser maior de 45 anos(de selo-caso) se acreditará na fotocopia do DNI

3.- Pertencer a un colectivos seguintes: familia monoparental con fillos o seu cargo: 1,25 puntos

O criterio de ser familia monoparental con fillos a cargo,se acreditará con fotocopia do libro de familia

4.-Ingresos da Unidade Familiar (tódolos conviventes da unidade) : máximo 1 punto

Os ingresos da Unidade Familiar acreditaranse mediante certificado da declaración do IRPF do último exercicio fiscal (2017)

No suposto de non ter obriga de presentar declaración, presentarse certificado de Facenda non estar obrigado a presentala.

A formula para o cálculo dos ingresos da unidade familiar de cada candidato/a ao posto de traballo, dividirase entre o número de persoas que forman a unidade de convivencia en cómputo mensual, aplicarase o seguinte baremo calculado sobre o importe do IPREM en vigor

INGRESOS MES	PUNTOS
MEMBRO UNIDADE CONVIVENCIA	
0	1
64,53	0,9
129,06	0,8
193,59	0,7
258,12	0,6
322,65	0,5
387,18	0,4





451,71	0,3
516,24	0,2
580,77	0,1
645,3	0

5.- Por cargas familiares: máximo 0,9 puntos

A valoración destes criterios, que teñen carácter acumulativo tendo como límite o recollido na puntuación máxima, se realizará en función do seguinte baremo:

	Puntuación
por cada menor de idade convivente, mais de 6 meses nun período de 12 meses, ou maior de idade ata 26 anos.	0,10
por cada menor de idade convivente orfo ou orfa absoluto	0,50
por situación de acollemento legal por cada menor	0,20
por cada persoa cualificada legalmente como discapacitada, grao igual ou superior ó 33%	0,30
por cada persoa cualificada legalmente como discapacitada, grao igual ou superior ó 65%	0,50
por cargas familiares non compartidas (persoa principal viúvo ou viúva, solteiro ou solteira (sen convivencia co proxenitor do menor), separado ou separada, divorciado ou divorciada)	0,50

Estas circunstancias acreditaranse, de se-lo caso, mediante:

- Fotocopia do libro de familia.
- Certificado de minusvalía do convivente a cargo.
- Resolución administrativa de recoñecemento do acollemento.
- Volante de convivencia (recabarase de oficio polo concello).

6.- Por non ter sido contratado nos seguintes termos: máximo de 0,50 puntos

- Non ter sido contratado nos últimos doce meses: 0,50 puntos
- Non ter sido contratado máis dun mes nos últimos doce meses: 0,30 puntos
- Non ter sido contrato máis de dous meses nos últimos doce meses: 0,20

Dita circunstancia acreditarase mediante a presentación da vida laboral.

No caso de empate na puntuación obtida trala suma da fase de oposición e concurso daráselle preferencia a aqueles que non foran contratados polo Concello no ano 2017 e no 2018. E de persistir o empate a favor daquel que menos tempo, no seu caso, traballara para o Concello.

9.- Relación de aprobados, presentación de documentos e formalización do contrato.-

Rematada a valoración dos méritos o tribunal formulará unha proposta completa dos/as aspirantes con maior puntuación obtida á Alcaldía ó obxecto de que por esta se proceda á contratación.

10. Retribucións.- A retribución será a recollida no Convenio de Oficinas e Despachos da Provincia de Pontevedra (publicado no BOPPO nº 187 de 28.09.2011 coa revisión salarial actualizada) incluída a parte proporcional de pagas extra, o que supón un importe bruto de **1.132,97 euros/mes**





11 Reclamacións e recursos.-Las aclaracións e/ou revisións das calificacións otorgadas polo Tribunal calificador se solicitarán por escrito ó mesmo.

Contra a a acta de valoración de méritos do Tribunal poderá interpoñerse recurso de alzada ante a Alcaldía-presidencia de conformidade co previsto na Ley 39/2015, de 1 de octubre, del procedimiento administrativo común de las administraciones públicas

13 Réximen Xurídico O réximen xuridico destas Bases será o contido na LBRL (art 91.2, e art. 103) LMRFP (art 19.1) TRRL (art 177) Lei 5/1997 de 22 de xuño de administración local de galicia (arts 231 a 250) no artigos 60 e 61 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de octubre, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley del Estatuto Básico del Empleado Público , no artigo 27,49 a 59, o 63 e o205 da Lei 2/2015 de Emprego público de Galicia e as Bases Reguladoras da Concesión de Axudas e Subvencións para a execución do **Plan Concellos 2019 Liña 3 : Emprego para a conservación e funcionamento de bens e servizos da Deputación Provincial de Pontevedra (publicadas no BOPPO nº 242 de Martes 18/12/2018).**

TEMARIO- Anexo I

- 1.) A Constitución española de 1978. Estructura e contido.
- 2) O municipio.
- 3) Lei 7/2011, do 27 de outubro, de turismo de Galicia.
- 4). Decreto 73/2015, do 7 de maio, polo que se regula a profesión de guía de turismo de Galicia.
- 5) Recursos turísticos de Baiona, principais festas do Concello de Baiona, praias e outros recursos naturais do municipio de Baiona.





INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE UN /UNHA TECNICA SUPERIOR EN TURISMO (FP2) PLAN CONCELLOS 2019 CORRESPONDENTE A LIÑA 3 :EMPREGO PARA A CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA.-

NOME APELIDOS.....
DNI
ENDEREZO:
Rúa nº.....
Localidade..... C.P.....
TELÉFONO.
Correo electrónico:.....

Por medio do presente declara:

1. Que coñezo e acepto íntegramente o contido das bases de convocatoria destas prazas (que me foron entregadas persoalmente), cumprindo a totalidade de requisitos que nelas se recollen, incluíndo expresamente:
 - Que estou desempleado/a.
 - Que estou inscrito/a no servizo público de emprego de Galicia, como demandante non ocupado/a.
 - Que estou dispoñible para o emprego
2. Que non me atopo incurso/a en ningunha causa de incompatibilidade ou incapacidade que determine a lexislación vixente para contratar coa Administración Pública.
3. Que non padezo ningunha enfermidade nin defecto físico e/ou psíquico que impida o normal desenvolvemento das tarefas propias do posto ao que opto.
4. Que me fago responsable da veracidade dos datos recollidos na documentación que achego..
5. Autorízase expresamente ao Concello a obtención do volante de convivencia da unidade familiar.

DOCUMENTACION A PRESENTAR XUNTO A PRESENTE SOLICITUDE

1. A presente instancia, debidamente cuberta e asinada.
2. Fotocopia compulsada do D.N.I.
3. Documentación xustificativa dos criterios socio-laborais de inserción.

Baiona, a de de 2019.

Asdo.-

SR ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BAIONA.

O Alcalde, Angel. M. Rodal Almuíña.

Baiona na data que figura ao marxe deste documento asinado electrónicamente

